

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instalacións dispoñibles: contamos cun ximnasio no que hai pintada unha pista de baloncesto (medidas non regulamentarias), unha de voliebol e 3 campos de bádminton. Temos tamén unha pista polideportiva exterior.
Material dispoñible: balóns de distintos materiais e tamaños, balóns de baloncesto, indiacas, combas, escaleiras, paus de minihockey e bolas, etc.
Material complementario elaborado pola profesora.
Edixgal, Aula virtual/moodle. Cursos dispoñibles na aula.
Outras ferramentas dixitais ou plataformas de aprendizaxe.
Redes sociais, aplicacións.
Material bibliográfico no departamento, biblioteca, outras dependencias do centro, etc...

Neste apartado convén especificar os materias e recursos didácticos cos que conta a persoa docente para desenvolver a programación. Proponse unha serie de recursos que cada docente pode ampliar, suprimir ou ben engadir outros cos que conte para levar a cabo a programación didáctica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	2	6	15	10	10	10	10	15	20	2
Proba escrita	0	0	0	0	10	10	0	5	0	20
Táboa de indicadores	100	100	100	100	90	90	100	95	100	80

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	3
Táboa de indicadores	97

Cráterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 10 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2, 3 e 4 impartíranse no primeiro trimestre cun peso total do 35%; a 5, 6, e 7 impartíranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 8, 9 e 10 impartíranse no terceiro trimestre cun peso total do 31%. No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgun alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para obter a cualificación de cada trimestre o alumnado avaliarase nos tres campos: conceptual, procedemental e actitudinal.

O conceptual debe abarcar todos os coñecementos dos obxectivos e bloques de contidos de que forma parte o currículo (estratexias e técnicas de adestramento das capacidades físicas, diferentes habilidades físicas, criterios hixiénicos, etc)

No procedemental, o alumnado debe ser avaliado do progreso alcanzado e da evolución observada nas súas condicións biolóxicas e de habilidades motrices, básicas, específicas e calidades físicas, ademais das adaptacións realizadas nos seus hábitos hixiénico-deportivos con criterios de saúde.

No actitudinal, débese realizar unha valoración da súa actitude ante a aceptación de valores, do respecto á materia, aos compañeiros/as, as regras do xogo, as regras ou normas sociais, etc.

Cada una das partes terá un peso específico:

CONCEPTOS: 20% *

PROCEDEMENTOS: 40% *

ACTITUDES: 40%

*A porcentaxes asignadas a procedementos e conceptos poderán variar dependendo dos contidos específicos que se estean traballando.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CONCEPTOS: traballos escritos, preguntas orais ou escritas, exames teóricos.

PROCEDEMENTOS: participación activa, probas de execución e a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

ACTITUDES: traer material (roupa e calzado axeitado), puntualidade, respecto aos compañeiros, á profesora e ao material, participación, aceptación das normas, actitude de esforzo e superación, colaboración, entrega de traballos, aseo ao finalizar a clase... Todos estes datos recóllense mediante observación directa a través de rúbricas.

A cualificación da avaliación final da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións

obtidas en cada avaliación trimestral.

A profesora resérvase a posibilidade de INCREMENTAR a nota final naqueles casos que considere oportuno, así como cambiar ao longo do curso alguna norma para adecuarse ás necesidades do grupo.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: axudar na organización (árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.) e/ou recoller por escrito todo o que aconteza na clase para entregárllelo á profesora.

Se esta situación se prolongase no tempo, para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos, exames teóricos ou exposicións relacionadas cos contidos que non pode levar a cabo, ou contidos de interese da materia..

Crterios de recuperación:

Para recuperar as UU.DD. non superadas: Rematada a UD proporase ao alumnado que non a superou actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas polo profesorado en sesións de titoría previa cita. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste último caso a UD darase por superada.

Para recuperar a avaliación trimestral: O alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña superadas. O profesorado propondrá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas en sesións de titoría previa cita. Segundo as circunstancias, poderanse propor ao alumnado a realización de probas escritas.

Para superar a avaliación final: O alumnado con algunha avaliación trimestral non superada, deberá superar nunha proba final extraordinaria os mínimos de consecución non acadados. A proba será preferentemente práctica, aínda que para superar algún dos contidos poderanse propor probas escritas.

Para mellorar a nota na avaliación final: O alumnado que desexe mellorar a súa cualificación, recibirá un plan de mellora. Neste plan priorizaranse os contidos con peor cualificación ou non superados nas diferentes UU.DD. As actividades propostas serán acordadas entre a persoa docente e o alumnado. No caso de que o alumnado supere as actividades de reforzo propostas no plan, incrementarase a súa cualificación nas UU.DD. correspondentes e calcularase de novo a cualificación final da materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede en 1º ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.